Utilización eficaz dos recursos - Identifícaranse e clasifícaranse os tipos de emisión e residuos xerados na industria alimentaria e de restauración e valoraranse as medidas a tomar para a redución de residuos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación audiovisual da unidade didáctica. Visionado dun vídeo sobre a obsolescencia programada e propicia o debate entre o grupo.</li> <li>Propón a lectura dun artigo relacionado coa xestión de residuos dunha empresa e restauración e contestar un cuestionario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participa no debate.</li> <li>Lectura do artigo e contestación o cuestionario facilitado pola profesora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionario resolto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipamentos informáticos.</li> <li>Medios audiovisuais.</li> <li>Libro de texto: "Gestión de la calidad y seguridad e higiene alimentarias". Editorial Altamar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Preguntas de resposta curta e cuestionario sobre o impacto ambiental dos recursos.</li> <li>PE.2 - Preguntas de resposta curta sobre a descrición das vantaxes ambientais na reutilización dos recursos.</li> <li>PE.3 - Cuestionario de identificación das enerxías e/ou os recursos cuxo uso sexa menos prexudicial para o ambiente, e aquelas convenientes desde o punto de vista económico.</li> <li>PE.4 - Preguntas de resposta curta sobre as posibles afeccións orixinadas pola industria alimentaria.</li> <li>PE.5 - Preguntas de resposta curta sobre a identificación dos parámetros que fan posible o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos relacionados cos residuos, os vertidos e as emisións.</li> <li>PE.6 - Cuestionario sobre as non-conformidades e as accións correctoras relacionadas coa xestión dos residuos.</li> </ul>	3,0
Recollida selectiva de residuos. Lexislación ambiental - Identifícaranse os residuos xerados na industria alimentaria e clasifícaranse para o seu tratamento e reciclado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos residuos xerados na industria alimentaria e a súa clasificación para o seu tratamento e reciclado. Propón a realización dun cuestionario sobre lexislación ambiental.</li> <li>Propón a realización, en grupos de dous, dunha investigación documentada sobre as técnicas de recollida, selección,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza o cuestionario sobre lexislación ambiental.</li> <li>Realiza o traballo de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo de investigación.</li> <li>Cuestionario resolto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios audiovisuais.</li> <li>Equipamentos informáticos.</li> <li>Portal de AENOR: "Guía de boas prácticas ambientais".</li> <li>Libro de texto: "Gestión de la calidad y seguridad e higiene alimentarias". Editorial Altamar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Investigación documentada sobre os efectos ambientais dos residuos contaminantes, e outras afeccións orixinadas no proceso produtivo.</li> <li>OU.2 - Investigación documentada sobre as técnicas de recollida, selección, clasificación e eliminación ou vertedura de residuos.</li> </ul>	7,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	clasificación e eliminación de residuos e os seus efectos sobre o medio ambiente nun establecemento de restauración e na localidade de residencia. Facilita unha lista de indicadores sobre o traballo a realizar.					
Avaliación global da unidade didáctica - Realízase a avaliación dos CA relacionados co RA4 - Controla a xestión ambiental nos establecementos de restauración e reconece os seus beneficios, así como as súas implicacións a nivel sanitario.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presenta a proba de avaliación combinada con preguntas de resposta curta, cuestionario e traballo de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza a proba de avaliación combinada .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba corrixida.</li> <li>• Traballo de investigación corrixido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Modelo de proba.</li> <li>• Lista de indicadores da investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1 - Investigación documentada sobre os efectos ambientais dos residuos contaminantes, e outras afeccións orixinadas no proceso produtivo.</li> <li>• OU.2 - Investigación documentada sobre as técnicas de recollida, selección, clasificación e eliminación ou vertedura de residuos.</li> <li>• PE.1 - Preguntas de resposta curta e cuestionario sobre o impacto ambiental dos recursos.</li> <li>• PE.2 - Preguntas de resposta curta sobre a descrición das vantaxes ambientais na reutilización dos recursos.</li> <li>• PE.3 - Cuestionario de identificación das enerxías e/ou os recursos cuxo uso sexa menos prexudicial para o ambiente, e aquelas convenientes desde o punto de vista económico.</li> <li>• PE.4 - Preguntas de resposta curta sobre as posibles afeccións orixinadas pola industria alimentaria.</li> <li>• PE.5 - Preguntas de resposta curta sobre a identificación dos parámetros que fan posible o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos relacionados cos residuos, os vertidos e as emisións.</li> <li>• PE.6 - Cuestionario sobre as non-conformidades e as accións correctoras relacionadas coa xestión dos residuos.</li> </ul>	2,0

<b>TOTAL</b>	<b>12,0</b>
--------------	-------------

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Identificación dos sistemas de xestión da calidade	15

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os sistemas de xestión da calidade, e caracteriza os pasos para o seu deseño e a súa posta en práctica.	SI

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer o concepto, a etimoloxía e os aspectos do termo calidade.			
1.2 Identificar os principios máis salientables relacionados coa calidade e coa súa xestión.	1	A calidade. Evolución histórica dos sistemas de calidade	5,0
1.3 Analizar os obxectivos dos sistemas de xestión da calidade.			
2.1 Relacionar o deseño do sistema de calidade coas particularidades da empresa.			
2.2 Identificar os manuais e outra documentación relacionada co sistema de xestión da calidade e describir as accións de formación necesarias para o persoal ao seu cargo para pór en práctica o sistema de calidade determinado.	2	Os sistemas de xestión da calidade	8,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.3 Describir as accións de formación necesarias para o persoal ao seu cargo para pór en práctica o sistema de calidade determinado.			
3.1 Avaliar os CA da UF2 relacionados co RA1 - Identifica os sistemas de xestión da calidade, e caracteriza os pasos para o seu deseño e a súa posta en práctica.	3	Avaliación global da unidade didáctica	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>15</b>

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Recoñeuse o concepto, a etimoloxía e os aspectos do termo calidade .	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Preguntas de resposta curta sobre o concepto e a etimoloxía do termo calidade.</li> </ul>	S	20
CA1.2 Identifícanse os principios máis salientables relacionados coa calidade e coa súa xestión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Cuestionario sobre os principios máis salientables relacionados coa calidade e coa súa xestión.</li> </ul>	S	20
CA1.3 Analizáronse os obxectivos dos sistemas de xestión da calidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Preguntas de resposta curta sobre os obxectivos dos sistemas de xestión da calidade.</li> </ul>	S	20
CA1.4 Relacionouse o deseño do sistema de calidade coas particularidades da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Cuestionario sobre a relación do deseño do sistema de calidade coas particularidades da empresa.</li> </ul>	S	15
CA1.5 Identifícanse os manuais e outra documentación relacionada co sistema de xestión da calidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.2 - Cuestionario sobre a identificación dos manuais e outra documentación relacionada co sistema de xestión da calidade.</li> </ul>	S	15
CA1.6 Descríronse as accións de formación necesarias para o persoal ao seu cargo para pór en práctica o sistema de calidade determinado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.3 - Preguntas de resposta curta sobre as accións de formación necesarias para o persoal ao seu cargo para pór en práctica o sistema de calidade determinado.</li> </ul>	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Introducción á calidade. Determinación e fixación de obxectivos. Manuais de calidade. Concepto de calidade: evolución

Contidos
Características da calidade no sector de servizos.  Xestión da calidade: principios e obxectivos.  Análise dos sistemas para a xestión e o control da calidade.  A calidade total e os recursos humanos.  Expectativas e percepcións da clientela.  Sistemas de calidade específicos para o sector turístico: ITE e PITE.  Marca de calidade turística: o selo de calidade Q.

**4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A calidade. Evolución histórica dos sistemas de calidade - Coñecer o concepto de calidade, as referencias históricas e os principios máis salientables da calidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación audiovisual da unidade didáctica. Explicación do concepto de calidade, as referencias históricas e os nomes propios en materia de calidade. Propón a realización dun esquema cos puntos claves da calidade ó longo da historia.</li> <li>Facilita e analiza un exemplo da Roda de Deming, propón en grupos de 2, a realización dun suposto práctico sobre a aplicación dos principios da Roda de Deming.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Esquema indicando os puntos claves da calidade ó longo da historia.</li> <li>Realización en grupo dun suposto práctico sobre a aplicación dos principios da "Roda de Deming" para a súa posterior exposición oral nun debate.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Esquema corrixido.</li> <li>Supostos prácticos resoltos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios audiovisuais.</li> <li>Equipamentos informáticos.</li> <li>Libro de texto: "Gestión de la calidad y seguridad e higiene alimentarias. Editorial Altamar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Preguntas de resposta curta sobre o concepto e a etimoloxía do termo calidade.</li> <li>PE.2 - Cuestionario sobre os principios máis salientables relacionados coa calidade e coa súa xestión.</li> <li>PE.3 - Preguntas de resposas curta sobre os obxectivos dos sistemas de xestión da calidade.</li> </ul>	5,0
Os sistemas de xestión da calidade - Identificar os principios da calidade e os manuais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das características da calidade no sector servizos, as técnicas de planificación e traballo en equipo, así como</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Indaga na rede e pon en común co resto des seus compañeiros/as manuais e sistemas de xestión de calidade nunha empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Suposto práctico corrixido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios audiovisuais.</li> <li>Equipamentos informáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Cuestionario sobre a relación do deseño do sistema de calidade coas particularidades da empresa.</li> </ul>	8,0



**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	a importancia dos manuais de calidade na empresa. Facilita un manual de calidade dun establecemento de restauración e propón a busca na rede e posta en común doutros manuais os sistemas de xestión de calidade en empresas hostaleiras. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presenta as accións de formación para pór en práctica o sistema de calidade. Propón a realización dun suposto práctico.</li> </ul>	hostaleira <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza o suposto práctico.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Libro de texto: "Gestión de la calidad y seguridad e higiene alimentarias". Editorial Altamar.</li> <li>• Manuais de calidade do sector da hostalaría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.2 - Cuestionario sobre a identificación dos manuais e outra documentación relacionada co sistema de xestión da calidade.</li> <li>• OU.3 - Preguntas de resposta curta sobre as accións de formación necesarias para o persoal ao seu cargo para pór en práctica o sistema de calidade determinado.</li> </ul>	
Avaliación global da unidade didáctica - Realízase a avaliación dos CA da UF2 relacionados co RA1 - Identifica os sistemas de xestión da calidade, e caracteriza os pasos para o seu deseño e a súa posta en práctica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presenta a proba de avaliación combinada con preguntas de resposta curta e cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza a proba de avaliación combinada con preguntas de resposta curta e cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba corrixida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Modelo de proba.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1 - Cuestionario sobre a relación do deseño do sistema de calidade coas particularidades da empresa.</li> <li>• OU.2 - Cuestionario sobre a identificación dos manuais e outra documentación relacionada co sistema de xestión da calidade.</li> <li>• OU.3 - Preguntas de resposta curta sobre as accións de formación necesarias para o persoal ao seu cargo para pór en práctica o sistema de calidade determinado.</li> <li>• PE.1 - Preguntas de resposta curta sobre o concepto e a etimoloxía do termo calidade.</li> <li>• PE.2 - Cuestionario sobre os principios máis salientables relacionados coa calidade e coa súa xestión.</li> <li>• PE.3 - Preguntas de resposta curta sobre os obxectivos dos sistemas de xestión da calidade.</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>15,0</b>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Ferramentas da calidade	15

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Controla a aplicación das normas de calidade, e caracteriza os métodos e as ferramentas de medición.	SI

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definir os métodos e as ferramentas de medición da calidade.	1	Tipos de indicadores de calidade e fases do proceso de mellora da calidade	5,0
1.2 Relacionar os datos obtidos das ferramentas de medición con posibles accións de mellora.			
1.3 Recoñecer os métodos para a autoavaliación.			
2.1 Identificar e recoñecer as características dun plan de calidade, para posteriormente obter o certificado de calidade.	2	Nomas de calidade ISO 9000 e certificados de calidade turística	8,0
2.2 Identificar e recoñecer as características dun plan de calidade, para posteriormente obter o certificado de calidade.			
2.3 Recoñecer e caracterizar as tendencias ou correntes máis actuais na normalización e na certificación dos novos modelos da calidade.			
3.1 Avaliar os CA da UF2 relacionados co RA2 - Controla a aplicación das normas de calidade, e caracteriza os métodos e as ferramentas de medición.	3	Avaliación global da unidade didáctica	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>15</b>

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Definíronse os métodos e as ferramentas de medición da calidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Preguntas de resposta curto sobre os métodos e ferramentas de medición da calidade.</li> </ul>	S	20
CA2.2 Relacionáronse os datos obtidos das ferramentas de medición con posibles accións de mellora.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Cuestionario sobre os datos obtidos das ferramentas de medición con posibles accións de mellora.</li> </ul>	S	20
CA2.3 Identificáronse e recoñecéronse as características dun plan de calidade, para posteriormente obter o certificado de calidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Preguntas de resposta curta e cuestionario sobre as características dun plan de calidade, para posteriormente obter o certificado de calidade.</li> </ul>	S	15
CA2.4 Analizáronse plans de calidade relacionados coas empresas de restauración.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.2 - Investigación documentada sobre unha análise de plans de calidade relacionados coas empresas de restauración.</li> </ul>	S	20
CA2.5 Recoñecéronse os métodos para a autoavaliación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Preguntas de resposta curta sobre os métodos para a autoavaliación.</li> </ul>	S	15
CA2.6 Recoñecéronse e caracterizáronse as tendencias ou correntes máis actuais na normalización e na certificación dos novos modelos da calidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Preguntas de resposta curta sobre as tendencias ou correntes máis actuais na normalización e na certificación dos novos modelos da calidade.</li> </ul>	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.6.e) Contidos**

Contidos
<p>Accións de difusión da política de calidade na empresa.</p> <p>Análise das ferramentas e as técnicas da calidade: ferramentas de organización, de planificación e de medición. Sistemas de enquisa. Queixas e suxestións. Métodos de autoavaliación.</p> <p>Plans de mellora.</p> <p>Características dos modelos de calidade (Deming, Malcolm Baldrige, TQM; ISO, etc.).</p> <p>Plan de calidade aplicado ao sector da restauración. Fases: normalización, posta en práctica, certificación e promoción.</p>

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Tipos de indicadores de calidade e fases do proceso de mellora da calidade - Coñeceranse e aplicaranse as ferramentas da calidade, os tipos de indicadores, as fases do proceso de mellora e o benchmarking.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación audiovisual da unidade didáctica. Explicación dos tipos de indicadores de calidade, as fases do proceso de mellora e o benchmarking. Realiza un exercicio sobre a aplicación do diagrama causa/efecto. Propón a realización dun suposto similar.</li> <li>Facilita modelos de autoavaliación, enquisas, queixas e suxestións. Propón a realización dun suposto práctico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza o suposto diagrama causa/efecto.</li> <li>Realiza o suposto práctico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Supostos teórico-prácticos resoltos.</li> <li>suposto diagrama causa-efecto corrixido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios audiovisuais.</li> <li>Equipamentos informáticos.</li> <li>Manual de Xestión da Calidade e da Seguridade e Hixiene Alimentarias da editorial Altamar.</li> <li>Modelos de autoavaliación, enquisas, queixas e suxestións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Cuestionario sobre os datos obtidos das ferramentas de medición con posibles accións de mellora.</li> <li>PE.1 - Preguntas de resposta curta sobre os métodos e ferramentas de medición da calidade.</li> <li>PE.3 - Preguntas de resposta curta sobre os métodos para a autoavaliación</li> </ul>	5,0
Nomas de calidade ISO 9000 e certificados de calidade turística - Identifícanse e coñeceranse os principios de xestión das normas de calidade ISO 9000 e os certificados de calidade turística: Q de Calidade Turística e o Sistema Integral de Calidade Turística en Destinos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das normas de calidade ISO 9000 e os certificados de calidade turística. Propicia o debate entre o alumnado mediante un cuestionario de coñecementos previos.</li> <li>Introduce o plan de calidade aplicado á restauración e explica as fases de normalización, posta en práctica, certificación e promoción. Propón a busca na rede dun establecemento de hostalaría que teñan implantado un certificado de calidade. Facilita unha lista de indicadores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participa no debate contestando o cuestionario.</li> <li>Traballo individual de investigación sobre un establecemento de hostalaría que se acollan a un certificado de calidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Síntese do tema.</li> <li>Informe de investigación dun establecemento de hostalaría con certificados de calidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios audiovisuais.</li> <li>Equipamentos informáticos.</li> <li>Manual de Xestión da Calidade e da Seguridade e Hixiene Alimentarias da editorial Altamar.</li> <li>Cuestionario de coñecementos previos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.2 - Investigación documentada sobre unha análise de plans de calidade relacionados coas empresas de restauración.</li> <li>PE.2 - Preguntas de resposta curta e cuestionario sobre as características dun plan de calidade, para posteriormente obter o certificado de calidade.</li> <li>PE.4 - Preguntas de resposta curta sobre as tendencias ou correntes máis actuais na normalización e na certificación dos novos modelos da calidade.</li> </ul>	8,0
Avaliación global da unidade didáctica - Realízase a avaliación dos CA da UF2 relacionados co RA2 - Controla a aplicación das normas de calidade, e caracteriza os métodos e as ferramentas de medición.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presenta a proba de avaliación combinada con preguntas de resposta curta, cuestionarios e investigación documentada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza a proba de avaliación combinada con preguntas de resposta curta, cuestionarios e investigación documentada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba corrixida.</li> <li>Traballo de investigación corrixido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Modelo de proba.</li> <li>Lista de indicadores da investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Cuestionario sobre os datos obtidos das ferramentas de medición con posibles accións de mellora.</li> <li>OU.2 - Investigación documentada sobre unha análise de plans de</li> </ul>	2,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					calidade relacionados coas empresas de restauración. • PE.1 - Preguntas de resposta curto sobre os métodos e ferramentas de medición da calidade. • PE.2 - Preguntas de resposta curta e cuestionario sobre as características dun plan de calidade, para posteriormente obter o certificado de calidade. • PE.3 - Preguntas de resposta curta sobre os métodos para a autoavaliación • PE.4 - Preguntas de resposta curta sobre as tendencias ou correntes máis actuais na normalización e na certificación dos novos modelos da calidade.	
<b>TOTAL</b>						<b>15,0</b>

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**
**MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA**

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grado de participación activa nos traballos e actividades e desenvolver.

Os mínimos esixibles de cada un dos RA son os seguintes:

Unidade formativa 1: seguridade e hixiene alimentarias

RA1. Supervisa a limpeza e a desinfección dos utensilios, os equipamentos e as instalacións, e valora a súa repercusión na calidade hixiénico-sanitaria dos produtos.

CA1.1 - Identifícanse os requisitos hixiénico-sanitarios que deben cumprir os equipamentos, os utensilios e as instalacións de manipulación de alimentos.

CA1.2 - Avaliáronse as consecuencias para a inocuidade dos produtos e a seguridade dos consumidores dunha limpeza e unha desinfección inadecuadas.

CA1.3 - Descríbense os procedementos, as frecuencias e os equipamentos de limpeza e desinfección (LD).

CA1.4 - Comprobase a limpeza e a desinfección cos produtos establecidos, de xeito que se asegure a súa completa eliminación.

CA1.5 - Descríbense os parámetros obxecto de control asociados ao nivel de limpeza ou desinfección requirido.

CA1.6 - Recoñécense os tratamentos de desratización, desinsectación e desinfección (DDD).

CA1.7 - Descríbense os procedementos para a recollida e a retirada dos residuos dunha unidade de manipulación de alimentos.

CA1.9 - Avaliáronse os perigos asociados á manipulación de produtos de limpeza, desinfección e tratamentos DDD.

RA2. Verifica as boas prácticas hixiénicas, para o que avalía os perigos asociados aos malos hábitos hixiénicos.

CA2.1. Recoñécense as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coas prácticas hixiénicas e de manipulación.

CA2.2. Identifícanse os perigos sanitarios, así como os principais riscos e as toxiinfeccións que se asocian aos malos hábitos.

CA2.4. Identifícanse as medidas de hixiene persoal asociadas á manipulación de alimentos, para evitar problemas na saúde da poboación consumidora.

CA2.5 - Recoñécense os comportamentos e as actitudes susceptibles de producir contaminación ou alteración nos alimentos

CA2.6. Enumeráronse as doenzas de obrigada declaración, e identifícanse as alerxias e as intolerancias alimentarias.

CA2.7. Recoñécense os procedementos de actuación fronte a alertas alimentarias

CA2.8 - Recoñeceuse a vestimenta de traballo completa e os seus requisitos de limpeza.

CA2.9. Identifícanse os medios de protección de cortes, queimaduras e feridas do persoal manipulador.

RA3. Aplica os sistemas de autocontrol baseados na análise de perigos e puntos de control críticos (APPCC) e de control da rastrexabilidade, e xustifica os principios asociados a estes.

CA3.1 - Identificouse a necesidade e a transcendencia para a seguridade alimentaria do sistema de autocontrol.

CA3.2 - Recoñécense os conceptos xerais do sistema de APPCC.

CA3.3 - Definíronse conceptos clave para o control de potenciais perigos sanitarios: punto crítico de control, límite crítico, medidas de control e medidas correctivas.

CA3.4 - Definíronse os parámetros asociados á avaliación dos puntos críticos de control.

CA3.5. Formalizáronse os rexistros asociados ao sistema.

CA3.6. Relacionouse a rastrexabilidade coa seguridade alimentaria.

CA3.7. Documentouse e trazouse a orixe, as etapas do proceso e o destino do alimento.

RA4. Controla a xestión ambiental nos establecementos de restauración e recoñece os seus beneficios, así como as súas implicacións a nivel sanitario.

CA4.1. Relacionouse o consumo coas vantaxes que proporciona a súa redución.

CA4.2. Descríbense as vantaxes ambientais da reutilización dos recursos.

CA4.3. Identifícanse as enerxías e/ou os recursos cuxo uso sexa menos prexudicial para o ambiente, e aquelas convenientes desde o punto de vista económico

CA4.4. Recoñecerse e clasificáronse os tipos de residuos xerados, así como os seus efectos ambientais.

CA4.5. Determináronse as posibles afeccións orixinadas pola industria alimentaria.

CA4.6. Aplicáronse as técnicas de recollida, selección, clasificación e eliminación ou vertedura de residuos.

CA4.7 - Establecéronse os parámetros que posibilitan o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos relacionados cos residuos, os vertidos ou as emisións, e tomáronse medidas para a protección ambiental.

Unidade formativa 2: xestión da calidade

RA1. Identifica os sistemas de xestión da calidade, e caracteriza os pasos para o seu deseño e a súa posta en práctica.

CA1.1. Recoñeceuse o concepto, a etimoloxía e os aspectos do termo "calidade".

CA1.2. Identificáronse os principios máis salientables relacionados coa calidade e coa súa xestión.

CA1.3. Analizáronse os obxectivos dos sistemas de xestión da calidade.

CA1.4. Relacionouse o deseño do sistema de calidade coas particularidades da empresa.

CA1.5. Identificáronse os manuais e outra documentación relacionada co sistema de xestión da calidade.

RA2. Controla a aplicación das normas de calidade, e caracteriza os métodos e as ferramentas de medición.

CA2.1. Definíronse os métodos e as ferramentas de medición da calidade.

CA2.2. Relacionáronse os datos obtidos das ferramentas de medición con posibles accións de mellora.

CA2.3. Identificáronse e recoñecerse as características dun plan de calidade, para posteriormente obter o certificado de calidade.

CA2.4. Analizáronse plans de calidade relacionados coas empresas de restauración.

CA2.5. Recoñecerse os métodos para a autoavaliación.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas.

As unidades didácticas avaliaranse unha vez impartidas e sempre de acordo cos criterios de avaliación. Cada tarefa de avaliación cualificarase en base a 10 puntos. Esa nota ponderarase segundo o peso outorgado a cada instrumento na programación didáctica.

A puntuación de cada unidade didáctica calcularase como suma das puntuacións obtidas nos instrumentos de avaliación de cada unidade didáctica definidos coma probas escritas e táboas de indicadores.

Os criterios de avaliación e cualificación das distintas actividades e traballos será aportado pola profesora no momento da entrega das instrucións para a súa realización.  
O alumnado será avaliado de cada unidade didáctica según o establecido no apartado catro da programación e recordado na aula antes de comenzar a UD.

Os instrumentos empregados poden ser : proba escrita, consistente en preguntas tipo test e/ou de asociación e/ou resposta breve e/ou tema de desenrolo e/ou suposto/s prácticos, segundo o peso orientativo dos criterios de avaliación da unidade didáctica recollida nesta programación.

Nas avaliacións ordinarias, cada unidade didáctica terá unha cualificación de 1 ao 10 segundo os instrumentos de avaliación expostos no punto 4.

No caso de non conseguir superar todos os CA esixibles e coa finalidade de que o alumnado aprobe a unidade (únicamente no caso de que a maioría estean acadados), avaliarei (ben, mal ou regular) as tarefas de reforzo semanais asociadas aos diferentes CA, realizadas na aula e que valorarei individualmente mediante correccións na aula.

A nota do trimestre será a media das unidades didácticas do trimestre . En caso de decimais a nota redondearase á unidade máis próxima.

A nota final do módulo será a media das notas das diferentes UD tendo en conta a ponderación establecida no peso de cada UD.

Os alumnado cunha ou mais unidades didácticas con menor notas a 5, non poderán ser calificados no trimestre pola súa nota media, a máxima que poderán alcanzar no trimestre será un 4.

Deberán recuperar a unidade/s(CA) suspensa/s ao remate da terceira avaliación(en Xuño)

A avaliación final do módulo será a media das notas das diferentes UD tendo en conta a ponderación establecida no peso de cada UD

O alumnado será avaliado de cada unidade didáctica según o establecido no apartado catro da programación e recordado na aula antes de comenzar a UD.



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Terase en conta a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Artigo 29.2 "Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes"

Artigo 29.3 Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos.

Polo tanto, o alumnado que non supere os mínimos esixibles nunha avaliación poderá realizar unha proba de recuperación no período indicado para a mesma. A recuperación consistirá nunha proba sobre os contidos teórico-prácticos da avaliación non superada e a entrega das tarefas e/ou traballos non entregados no seu momento, de selo caso. Non se farán probas de recuperación para subir nota.

Ás actividades de recuperación deberá presentarse todo o alumnado que non se presentou ás probas parciais ou que non superou algunha delas.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Terase en conta a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seus artigos 25.4 y 25.5.

4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

5. O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Ademais do establecido na Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20.

Cuarto. Perda do dereito á avaliación continua

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas, consonte o anterior, nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indícarase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

#### PROCEDEMENTO:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización dunha proba teórica que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación. A proba realizarase no mes de xuño, e para aprobar deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Avaliación mensual. Seguimento unidade a unidade.

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial. Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestións periódicas aos alumnos na que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grao de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilízase o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento. Empregarase a plataforma de xestión das programacións.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01.

A avaliación da propia práctica docente efectuarase a través das correspondentes enquisas ao alumnado, así como a través da comunicación continua profesor-alumnado.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o artigo 28. Avaliación inicial, da Orden 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, ao comenzo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxeto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para a súa aplicación empregaranse:

- Cuestionario de avaliación inicial do alumnado. Os indicadores deste cuestionario son: datos personales, nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo. Inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes. Este cuestionario será entregado ao alumnado pola persoa que exerce a titoría
- Cuestionario de avaliación inicial de coñecementos previos do módulo. Baseado nos contidos do módulo, tamén poderase formular cuestións sobre coñecementos previos que o alumnado precisa para un correcto desenvolvemento das actividades de ensino aprendizaxe. Ademais, reunido todo o profesorado do ciclo, levántarase acta de avaliación, co fin de proporcionar a información pertinente sobre a situación do grupo de alumnos/as que están a iniciar esta etapa do seu proceso formativo, e de axustar, desde un principio, a actuación educativa ás necesidades do grupo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Segundo a diversidade do alumnado, faranse exercicios/traballos complementarios e aclaracións de dúbidas en titorías.

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

- O alumnado que precise actividades de reforzo realizará actividades de repaso e supostos prácticos coa profesora no horario estipulado, incidindo nas necesidades propias de cada un dos alumnos/as individualmente.
- Realizaranse ademais: elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos, pequenos traballos de búsqueda de información de forma individualizada.
- Repetición de prácticas.
- Axustes na metodoloxía, adaptando as axudas e recursos pedagóxicos ás necesidades dos alumnos e alumnas.
- Actividades diferenciadas, propoñendo aos alumnos/as que presentan algunha dificultade para traballar certos contidos, actividades que lles permitan aproximarse a estes, ou ben actividades de ampliación na materia, para aqueles alumnos con maiores capacidades.
- Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras.

En todo caso, haberá unha coordinación co departamento de orientación, que tamén terá dado a súa visión de cal é o xeito de proceder e de facilitar ao alumnado a súa aprendizaxe.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.



Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de tra-ballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático,talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico

-Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.

-Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan em-paparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.

-Situación galega como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.

-Facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galicia.

Se programan as seguintes actividades de carácter transversal:

-Titorar, apoiar, conducir e orientar ao alumnado na elaboración dos traballos de investigación cos que participarán en concursos, eventos, certames...como o de posta en valor do patrimonio cultural galego nos sectores textil, gastronómico e alimentario.

-Participar nos eventos programados.

-Fomento do Plurilingüismo.

-Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras.

-Orientar as actividades de ensino aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.



### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Actividade conxunta co servizo de limpeza do centro e incluír unha charla cun representante de control de pragas.
  - Charla sobre a implantación dun APPCC por parte dun profesional responsable da área de hixiene dun establecemento de restauración colectiva.
  - Visitas a establecementos e/ou eventos relacionados coa hostalería e o turismo.
- Visita a un establecemento de restauración da localidade para comprobar a aplicación do sistema APPCC
- Actividades coordinadas cos outros módulos do ciclo.
  - Visita a Sogama y/o Nostián

### 10.Outros apartados

#### 10.1) Coordinación

Posibilidade de coordinación de actividades con outros módulos dos ciclos pertencentes ás familias profesionais de " Hostalaría e Turismo" e de " Industrias Alimentarias".

#### 10.2) Información

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante a primeira semana do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.
4. Actividades previstas durante o curso escolar.